

Concello de Vilalba

BASES QUE REXERÁN AS AXUDAS ÁS COMPARSAS QUE PARTICIPEN NOS ACTOS PROGRAMADOS CON MOTIVO DO ENTROIDO 2022 DO CONCELLO DE VILALBA

O Concello de Vilalba, ao obxecto de incentivar a participación cidadá nos actos do concurso do Entroido 2022, establece as normas reguladoras e as axudas económicas que outorgará ás comparsas e disfraces que interveñan nos actos citados de acordo coas seguintes bases:

PRIMEIRA.- Poderán participar nos actos programados polo Concello de Vilalba con motivo do concurso do Entroido e ser beneficiarias destas axudas calquera asociación ou entidade legalmente constituída, así como os “grupos ocasionais” que cumpran as condicións establecidas nestas bases. Neste último caso, deberán nomear a un/unha representante debidamente autorizado/a para actuar en nome do grupo.

SEGUNDA.- Para poder optar ás axudas reguladas nestas bases é condición indispensable formalizar a inscrición na modalidade que se elixe para participar, e presentar toda a documentación requirida (de acordo aos modelos dos anexos A, B e C) por o Rexistro Xeral do Concello de Vilalba ou a través do rexistro da sede electrónica (<https://vilalba.sedelectronica.es>). Prazo de inscrición desde a data de publicación das bases **ata o 20 de febreiro de 2022.**

O Concello resérvase o dereito de non admitir a inscrición daquelas comparsas que en anos anteriores non acreditaran os mínimos de calidade e orixinalidade no seu vestiario ou actuación.

No momento de formalizar a inscrición achegarán no Rexistro Xeral do Concello a documentación a que se fai referencia nos parágrafos seguintes. Tamén terán que achegar, distinguíndose entre os grupos ocasionais e as entidades con personalidade xurídica:

COMPARSA (formularios do ANEXO A)

- Folla de inscrición
- Certificación expedida pola entidade bancaria no que conste o número de conta e o seu titular, tendo en conta que a titularidade debe ser ostentada polo representante do grupo ocasional
- Declaración responsable do representante do grupo de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 e 3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A tal efecto os integrantes do grupo teñen que nomear un/ha representante con autorización expresa para presentar a solicitude e para o cobro do importe correspondente ás axudas.
- Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas

BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO O 26 DE XANEIRO DE 2021

Asdo. A Secretaria

Ana M.^a Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE



Concello de Vilalba

tributarias e coa Seguridade Social.

- Declaración responsable sobre o compromiso de levar a cabo as actividades recollidas nas bases.
- Declaración responsable sobre compromiso de execución da actividade subvencionada.
- Fotocopia do DNI de cada un dos compoñentes do grupo (ou dos seus representantes legais, en caso de menores de idade) xunto coas autorizacións dos seus respectivos representantes legais (no caso de ser menores de idade) autorizándoos a participar no desfile e nos actos programados con motivo do Entroido.
- Ficha técnica da comparsa, na que consten:

__ Nome, DNI e **teléfono móbil** da persoa que vai actuar como representante da comparsa o día do desfile, que actuará como interlocutor da comparsa coa organización e que deberá estar permanentemente identificado coa credencial que lle facilitará a organización.

__ Indicación, o máis detallada posible, da temática e características dos disfraces da comparsa ao obxecto de facilitarlle á organización a súa identificación visual.

__ Indicación de se van ir acompañados de remolques ou outros artefactos.

__ Cada un será responsable do seu acompañamento musical.

ENTIDADES LEGALMENTE CONSTITUÍDAS, (formularios do ANEXO B)

- Folla de inscrición
- Fotocopia do DNI do representante legal da Asociación.
- Fotocopia da Tarxeta de Identificación Fiscal.
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 e 3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Declaración responsable sobre o compromiso de levar a cabo as actividades recollidas nas bases.
- Certificación expedida pola entidade bancaria na que conste o número de conta e o seu titular, tendo en conta que a titularidade debe ser ostentada pola asociación.
- No caso de menores de idade, autorizacións dos seus respectivos representantes

BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO O 26 DE XANEIRO DE 2021

Asdo. A Secretaria

Ana M.^a Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE



Concello de Vilalba

legais autorizándoos a participar no desfile e nos actos programados con motivo do Entroido.

- Ficha técnica da comparsa, na que consten:

__ Nome e DNI e **teléfono móbil** da persoa que vai actuar como representante da comparsa o día do desfile, que actuará como interlocutor da comparsa coa organización e que deberá estar permanentemente identificado coa credencial que lle facilitará a organización.

__ Indicación, o máis detallada posible, da temática e características dos disfraces da comparsa ao obxecto de facilitarlle á organización a súa identificación visual.

__ Indicación de se van ir acompañados de remolques ou outros artefactos.

__ Cada un será responsable do seu acompañamento musical.

INDIVIDUAL E PARELLA, INFANTIL, XUVENIL E ADULTO, (formulario ANEXO C)

- Folla de inscrición
- Certificación expedida pola entidade bancaria no que conste o número de conta e o seu titular, tendo en conta que a titularidade debe ser ostentada polo representante do grupo ocasional.
- Declaración responsable do representante do grupo de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 e 3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A tal efecto os integrantes do grupo teñen que nomear un/ha representante con autorización expresa para presentar a solicitude e para o cobro do importe correspondente ás axudas.
- Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Declaración responsable sobre o compromiso de levar a cabo as actividades recollidas nas bases.
- Declaración responsable sobre compromiso de execución da actividade subvencionada.
- Fotocopia do DNI de cada un dos compoñentes da parella ou individual (ou dos seus representantes legais, en caso de menores de idade) xunto coas autorizacións dos seus respectivos representantes legais (no caso de ser menores de idade) autorizándoos a participar no desfile e nos actos programados con motivo do Entroido.
- Ficha técnica na que consten:

__ Nome, DNI e **teléfono móbil** da persoa que vai actuar como representante o día do desfile, que actuará como interlocutor coa

BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO O 26 DE XANEIRO DE 2021

Asdo. A Secretaria

Ana M.^a Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE



Concello de Vilalba

organización e que deberá estar permanentemente identificado coa credencial que lle facilitará a organización.

__Indicación, o máis detallada posible, da temática e características dos disfraces ao obxecto de facilitarlle á organización a súa identificación visual.

__Indicación de se van ir acompañados de remolques ou outros artefactos.

__ Cada un será responsable do seu acompañamento musical.

TERCEIRA.- Entenderase por:

- Comparsa : Agrupación de máscaras cun número de 8 ou máis persoas.

Comparsa Infantil e xuvenil: de 0_14 anos, (nados entre o 2008 e 2022).

Poderán ir acompañadas como máximo de dúas persoas adultas sen disface que desempeñará funcións de apoio ou axuda, non participando no evento.

Comparsa Adultos: a partir de 15 anos, (nados 2007 e anteriores).

Comparsa Mixta: adultos e nenos.

- Individuais: (1 participante)

Individual Infantil e Xuvenil 0_14 anos, (nados entre o 2008 e 2022).

Individual Adulto Máis de 15 anos, (nados 2007 e anteriores).

- Parellas:(2 participantes)

Parellas Infantil e Xuvenil 0_14 anos, (nados entre o 2008 e 2022).

Parellas Adulto Máis de 15 anos, (nados 2007 e anteriores).

(*) Nas categorías individual e parellas tanto infantil como adulto, poderán ir acompañadas como máximo dunha persoa adulta sen disface que desempeñará funcións de apoio ou axuda, non participando no evento.

CUARTA.- As comparsas deberán gardar unha unidade temática, tanto no seu vestiario coma na súa actuación. Non se consideran comparsas con dereito a inscrición e participación aquelas que en anos anteriores repetirán o seu disface.

QUINTA.- As comparsas que opten ás axudas terán que reunir os requisitos sinalados nas Bases 2ª, 3ª e 4ª e **deben cumprir** en todas as modalidades a normativa vixente da **COVID-19**, no seu defecto será descualificado automaticamente.

A organización do Entroido **non se fará cargo** de poñer a música no desfile, cada un será responsable do seu acompañamento musical.

BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO O 26 DE XANEIRO DE 2021

Asdo. A Secretaria

Ana M.ª Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE



Concello de Vilalba

No caso de condicións climáticas adversas o desfile pasará a realizarse noutra data por determinar.

Poderán presentarse neste concurso tódalas comparsas e disfraces que o desexen, tanto físicas como xurídicas.

SEXTA.- Destínase un crédito máximo de **5.390,00€** que se imputará á aplicación orzamentaria **338.48942** do orzamento municipal para as axudas ás comparsas que participen nos actos programados con motivo do Entroido.

Estes **5.390,00€** hanse repartir de acordo a estes criterios:

| PREMIOS | | |
|--|--|---|
| INFANTIL E XUVENIL (DE 0 A 14 ANOS , (nados entre o 2008 e 2022) | | |
| INDIVIDUAL | PARELLA | COMPARSA |
| 1º premio: 110€ 2º premio: 80€ 3º premio: 50€ | 1º premio: 140€ 2º premio: 100€ 3º premio: 75€ | 1º premio: 350€ 2º premio: 250€ 3º premio: 180€ |

| ADULTOS (MÁIS DE 15 ANOS, (nados 2007 e anteriores). | | |
|---|--|---|
| INDIVIDUAL | PARELLA | COMPARSAS Mixta e Adultos |
| 1º premio: 110€ 2º premio: 80€ 3º premio: 50€ | 1º premio: 140€ 2º premio: 100€ 3º premio: 75€ | 1º premio: 700€ 2º premio: 500€ 3º premio: 400€ 4º premio: 300€ 5º premio: 200€ |

| | |
|--|--|
| PREMIOS ESPECIAIS COMPARSAS (Infantil ,Adulto e Mixtas) Acumulables a outros premios | _ Máis orixinal (mellor posta en escea, elaboración do disfrace, ...) : 200€ _ Máis simpático (mellor humor, crítica a temas de actualidade, ..) : 200€ |
|--|--|

| | |
|---|--|
| PREMIOS ESPECIAIS PARTICIPACIÓN COMPARSAS (Infantil, Adulto e Mixtas) | _1.000€ a repartir entre todas as comparsas que participen e <u>non acaden premio</u> , cun máximo de 100€ por comparsa. |
|---|--|

BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO O 26 DE XANEIRO DE 2021

Asdo. A Secretaria

Ana M.ª Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE



Concello de Vilalba

Todos os participantes levarán un vale de chocolate con churros, e os nenos/as menores de 14 anos un agasallo. Sempre e cando as condicións sanitarias o permitan.

Estas axudas estarán suxeitas ás retencións fiscais establecidas na lexislación vixente.

A Comisión Avaliadora poderá excluír das subvencións a aquelas comparsas que non acrediten as condicións mínimas esixidas, reflectíndoo na acta de resultado.

A non participación no desfile conlevará a exclusión automática da percepción destas axudas.

Os aboamentos dos premios serán tramitados polo concello de Vilalba através dunha **transferencia bancaria**, previamente será necesaria a presentación do certificado con número de conta ao realizar a inscrición.

SÉTIMA.- A Comisión Avaliadora darase a coñecer por resolución da alcaldía, e farase pública na páxina web www.vilalba.gal e na Sede Electrónica do concello.

O día da celebración do desfile a Comisión Avaliadora comprobará que as comparsas participantes reúnen, coa súa participación no desfile, as condicións requiridas nestas bases. A resultas desta comprobación, a Comisión Avaliadora fará a correspondente proposta de concesión das axudas reguladas nestas Bases.

Os premiados daranse a coñecer unha vez rematado o desfile.

OITAVA.- Participación e actuación:

Os participantes farán un desfile pola vila o **martes 1 de marzo de 2022** a partir das **17.00h** con saída da rúa Castelao o lado da estación de autobuses de Vilalba, debéndose presentar **ás 16.30h e 16:50h**.

A recollida de dorsais será:

*O 28 de febreiro, na oficina de Cultura do Concello de Vilalba, en horario de 9 a 14 h.

* O propio día do evento, 1 de marzo no punto de saída do desfile na zona habilitada para o mesmo. (En horario de 16.30h e 16:50h.)

Quedarán excluídos os que non se presenten puntualmente.

Si as condicións meteorolóxicas son adversas o desfile pasará a realizarse noutra data por determinar.

Para calquera dúbida poden poñerse en contacto no teléfono: 982 510761 ou no

BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO O 26 DE XANEIRO DE 2021

Asdo. A Secretaria

Ana M.^a Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE



Concello de Vilalba

coreo cultura@vilalba.es (Departamento de Cultura).

NOVENA.-As presentes bases serán publicadas na páxina web municipal www.vilalba.gal , nas redes sociais e no taboleiro da sede electrónica do Concello de Vilalba.

DÉCIMA.- A inscrición e participación no Entroido Vilalbés implica a aceptación destas bases.

UNDÉCIMA._Segundo a Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslles que os datos que se solicitan nas presentes bases pasarán a formar parte dun ficheiro debidamente inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, responsabilidade do Concello de Vilalba, coa finalidade de xestionar a presente solicitude. Vostede pode exercer os dereitos de oposición, acceso, rectificación e cancelación dirixíndose ás nosas oficinas coa súa solicitude e a fotocopia do seu DNI.

DUODÉCIMA._*Servizo Municipal de Cultura (SMC) do Concello de Vilalba, resérvase o dereito a formular cantas modificacións estime oportuno, no tocante a causas de forza maior (condicións climatolóxicas, restricións sanitarias condicionada pola evolución da situación epidemiolóxica e as medidas de hixiene e prevención que se poidan tomar con respecto a mesma, ou calquera outra circunstancia desta índole), que non permitan o desenvolvemento normalizado da actividade podendo pospoñer ou cancelar dito evento ou parte do mesmo."*

BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO O 26 DE XANEIRO DE 2021

Asdo. A Secretaria

Ana M.^a Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

